



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 9 DE
SETEMBRO DE 2013

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás once horas do día nove de setembro de dous mil trece, baixo a presidencia do señor alcalde don Manuel Rivas Caridad, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 997 de data 17 de xuño de 2011: dona Maria Jesús González Roel, don Felipe Andreu Barallobre, dona Rocio Vila Díaz, don Fernando Caride Suárez e don Manuel Marante Gómez.

Non asisten e presentan escusa dona Marta Maria Vázquez Golpe e don Santiago Manuel Ríos Rama.

Intervén, como secretaria accidental, dona Verónica Maria Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º.-Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 2 de setembro de 2013

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 2 de setembro de 2013 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asisten á sesión, aprobou o citado borrador.

2º.- Correspondencia

Non se tratou este punto da orde do día.

3º.- Informe respecto das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área, e informes respecto doutros asuntos de área

Os presentes danse por enterados das resolucións ditadas dende a última Xunta de Goberno Local.

Informes do concelleiro delegado da área de Réxime Interior, Patrimonio e Contratación

Don Felipe Andreu Barallobre informa respecto dun requirimento da Axencia Estatal Tributaria para que execute o aval dunha empresa que contratou co Concello e que ten débedas tributarias con facenda. Engade que a empresa executou debidamente a prestación para a que fora contratada polo que entende, e tamén os técnicos municipais, que o Concello non está facultado para executar este aval.

En canto ao expediente "Aforro enerxético mediante implantación do sistema de apagamento selectivo de puntos de luz nos ámbitos non urbanos do Concello de Cambre", don Felipe Andreu Barallobre informa que a empresa adxudicataria non presentou correctamente a documentación requirida, polo que se lle adxudicará á seguinte empresa.

A seguir, tamén informa respecto do mantemento de extintores e di que hai extintores que están sen contrato e outros con contrato, pero os hai que renovar. A idea é facer un contrato menor para os que non teñen contrato e despois sacar todo xunto á contratación.

A continuación, informa que o expediente de "servizo de axuda a domicilio" está pendente de revisión do estudo económico polo técnico do departamento de servizos sociais.

Respecto do tema das zonas verdes, manifesta que están pendentes de remitir os pregos polo departamento de Servizos.

Para rematar a súa intervención, don Felipe Andreu Barallobre informa que o expediente de escolas de actividade física e saúde está pendente de informe técnico.

Informes da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente

Dona Rocio Vila Díaz informa que están a revisar o proxecto da Casa da Arrigada pois sinala que lle presentaro ao arquitecto un par de modificacións.

Informes do concelleiro delegado da área de Obras e Servizos

Don Manuel Marante Gómez informa que no día de hoxe remata o prazo para presentar as solicitudes de subvencións para a renovación de parques infantís. Engade que se incluírán o de San Lorenzo e o de Altamira.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Benestar Social, Sanidade e Educación

Dona Maria Jesús González Roel informa que no consello escolar do Graxal fixeron varias solicitudes para a distribución ou ampliación do horario de persoal de limpeza posto que se están a dedicar máis horas á parte nova do CEIP, que conta con menor número de aulas.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

A continuación, tamén informa que lle pediron do CEIP o plan de evacuación do pavillón do Graxal.

Dona María Jesús González Roel informa que no día de hoxe recolleu unha doazón dunha confitería do Burgo, a cal doou unhas caixas de galletas feitas por eles mesmos para a despena municipal.

Para rematar a súa intervención, informa que solicitou un orzamento para limpar os graffitis dos baixos comerciais da Barcala.

Informes da alcaldía

O señor alcalde informa que o pasado sábado día 7 tivo lugar o concerto de boleros de Sementeira e engade que con moito éxito e afluencia de público.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as once horas e corenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

A secretaria accidental



Manuel Rivas Caridad



Verónica María Otero López

C.I.F. P-1501700-G